

- **Lugar:** Louxedo, SAMARTÍN D'OZCOS.
- **Narrador:** Federico Martínez Fernández, 83 anos (2012).
- **Recopiladores:** Jesús Suárez López y Fernando Ornos Fernández.
- **Grabacións:** *¡Vou a fuxir, que cai el mundo!* • *Caso de mal oyo* • *Andanzas del trasno*.

¡Vou a fuxir, que cai el mundo!

[Federico]: Sabemos ún... que nun terá mérito, se cuadra s'acorda Natividade más qu'eu... úa pita que taba debaixo d'un castañeiro e cayéuyee un urizu na cabeza, e marchóu ela a correr... marchóu a fuxir y encontróu cul galo, e díxoye el galo:

—¿Pa únde vas, pita?

—Vou a fuxir, a fuxir, que cai el mundu.

—¿Quién cho dixo, pita?

—Díxomo a mía cacholita.

—¡Ai, pos tamén vou eu!

E marcharon a correr y encontraron cun el gato e díceye él:

—¿E pa únde vas, galo?

—Vou a fuxir, a fuxir, que cai el mundu.

—¿Quén cho dixo, galo?

—Díxomo a pita.

—¿E quén cho dixo, pita?

—Díxomo a mía cacholita.

E seguíu e dice:

—¡Ai, pos tamén marchó eu!

E marcharon y encontraron cuel perru, e díceye el perro:

—¿Ai, pa únde vas, gato?

—Vouche a fuxir, a fuxir, que cai el mundu.

—¿Quién cho dixo, gato?

—Díxomo el galo.

—¿E quén cho dixo, galo?

—Díxomo a pita.

—¿E quén cho dixo, pita?

—Díxomo a mía cacholita.

E dixo:

—¡Ai, pos tamén chamo eu!

Marcharon todos así y encontraron úa casía, viron luz alí e dixeron:

—Vamos a atecharnos aí.

E díxuye:

—Bueno, el galo y a pita pal puleiro, y el gato pá ladeira del lume y el perru na porta. E cuando se levantóu el dueño vai el perro e tiróuseye a él, y él bota a correr pá cocía, vai el gato y arrebuñóulo, e decía el galo:

—¡Cocorocó, traímo pa acó!

Y entós él tuvo medo e marchóu el home... ¡virgen santísima! Bueno, chistes d'aquelas cocías que tían antes. Se cuadra sabíamos muitas d'esas argayadas, pero olvidóuse todo, hombre.

Caso de mal oyo

Olvidóuse todo porque eran bruxirías qu'había antias, así de... de... da xente d'antias. Somos inorantes abondo ahora, pero así e todo espabilamos algo, nun somos tanto como eran os d'antes porque os d'antes, probes, nun tían nada. Acórdome eu cuando nosotros éramos nenos pequeños que nun había siquieira petróleo p'alumar... xa nun se falaba de luz eléctrica, alumábase con un candil... alumábase con un candil de gas, e ben contentos se había petróleo pa botar-ye...

[Natividad]: Por aquí cuando a guerra houbo muita probitería...

[Federico]: Muita probetería, por aquí e por os outros lados...

[Natividad]: Pobreza a montón...

[Federico]: Dicían antias qu'había mal oyo, que decían... téñolo oído eu, qu'el mal oyo que se coyía cuando alzaban el... a hostia, que era malo mirar cuando alzaban el cáliz, que nun se podía mirar pa atrás, que se cuyía el mal oyo. Cuntaba meu padre, qu'en paz esté, que sou abolo tía úa niada de ranchús, parira a cerda e tía os cerdiús todos xunta a cerda ye... y que pasara por alí un peisano e que dixera:

—¡Á Colesial! —porque tenía el apodo da casa de Colesial a nosa [casa] unde... unde se crióu meu padre—, ¡teis os ranchos ben guapos, ho! ¡Vaya ranchos guapos que teis!

—¡Teño, sonche ben guapos!

Y el home arrancóu e marchóu, qu'había un carreiru que diba pa Viyamiá y

a Labiarón, que son us pueblos de por aí abaxo. Y al momento, que se tiraran os cerdos todos, os ranchíus todos a tirar y a gruñir ya todos tirados polo suelo y a gruñir sin parar, y entoncias dixo meu abolo:

—¡Home, xangon Dios, foi él lougo el cabrón que mos embruxóu!

E bota a fuxir tras d'él y encontróulo. Díxoye él:

—¡Vuelve ahora mismo, que te mato, eh! ¡Embruxácheme os ranchos, tán todos aí tirados!

E díceye él:

—Pódeche ser verdá, que téñoche algo de mal oyo, pódeche ser verdá.

E volvéu... que volvera cun él e que nun sei qué yes dixera a os ranchos y os ranchíus que se poñeran todos outros ben. Eu eso nun lo vin, sei que contaban... contaron esa conversación, nun sei se... se foi verdá se foi mentira. Mentira sería, porque antes críase muito, críase muito nestas cousas de bruxerías e de todo eso, porque eu eso... neso nun creu. Había un vecín alí en Louxedo que cada vez que paría úa vaca poñíay e no pescozo... chamábaye “úa xarta”, xarta era un pedazo de cuero ou tela, e clavábanyes alí faendo cruz, e poníanye aquela xarta pa que nun... vaya, pa que nun tuvese, nun ye entrase el mal oyo. Ahora nun hai... nun hai d'esas cousas.

Andanzas del trasno

Antias hasta tíamos medo p'andar de noite cuando éramos nenos porque dicían:

—¡Ai, niníus, hai qu'andar depresa pá casa que despóis vén a Santa Compañía! Dicían que... era se cuadra os fraires, us sacristáis da parroquia, del cura, e pa meteyes medo á xente pa que desen misas y eso salían de noite ye dicían qu'era a Santa Compañía. Dicía: “Andar de día, que la noche es mía”. Aquelas cousas qu'había antes, que nun... era todo... críase muito nu trasno. El trasno era el demo, chamábanye el trasno. Cuntaba un día alí un vecín noso, qu'era Ramón da Torre... fora alí a un pueblo que chaman Ron. Ron ta aquí mui cerca, aquí de Samartín, ta aí a un kilómetro. E cuando vera de noite que sintira alí úa vecía... se cuadra eran as dúas ou tres da mañá... alí nun cierro qu'había alí nun pedazo de monte e taba cantando ye... e cantaba cumu cantaba aquela Carme —chámanye Carme da Veiguela—, entoncias Ramón dixo:

—¡Ei, Carme!, ¿e cúmu tas aí de noite coyendo nas uces?, ¿e nun teís vagar a ir de día sin tar de noite?

Ya que nada, y seguía cantando. E volvía a repetir, e lougho que faía él:

—¡Ha, ha, ha, hai!

E diz él:

—¡Es tu, cabrón, es tu!

Era el trasno, que taba asomeñando al outra. Visióis que tían, que verdades nun eran.





015.
FEDERICO MARTÍNEZ FERNÁNDEZ
Louxedo, SAMARTÍN D'OZCOS

Foto: Jesús Suárez López